

PROXECTO CHUNY VÁZQUEZ

A. INTRODUCCIÓN.

Xustificación:

Este ano, para iniciarnos na educación documental, dende Bibliosinde decidiuse traballar as biografías.

En colaboración co Eq. de Dinamización da lingua galega realízase unha actividade intercentros, nela, trátase de realizar un proxecto de investigación sobre un artista local. Neste caso a artista é a poetisa guardesa Chuny Vázquez. Dende Bibliosinde, aproveitamos a ocasión e propómoslle ao 1º ciclo de primaria traballar a súa biografía.

Aceptouse a proposta e decidiuse traballar na clase de lingua a biografía e indagar na obra poética da artista local Chuny Vázquez.

O obxectivo desta actividade consiste en aprender a conseguir información a través de diversas fontes: preguntas, entrevistas, consulta de libros... para elaborar unha biografía. Igualmente propónse o fomento da creación literaria propia partindo das creacións da autora.

Temporalización: 3 semanas (3 sesións á semana). Iniciándose no 2º trimestre.

O alumnado participante son os nenos e nenas de 1º e 2º de Educación Primaria. O profesorado que participa é a titora de 2º curso e a mestra que dá as linguas no 1º curso. Esta actividade lévase a cabo nas sesións de lingua galega en cada un dos cursos mencionados anteriormente e aproveitando os recursos humanos do PROA.

Obxectivos:

- Recoñecer a información dada nunha biografía.
- Buscar fontes de consulta.
- Diseñar a entrevista que permite obter datos sobre a persoa que imos a escribir.
- Escoller e planificar a información apropiada para a redacción da biografía.
- Producir textos bigráficos partindo da organización da información.
- Diferenciar diferentes textos escritos: a biografía, a entrevista.

Competencias básicas:

❖ **Comunicación lingüística:**

- Compoñer textos ordenados e coherentes tendo en conta: a estrutura da oración, o uso de punto e a maiúscula.

- Utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, representación, interpretación e comprensión da realidade e construción e comunicación de coñecemento.
 - Actitudes de escoita, exposición e diálogo, tendo en conta e respectando as opinións dos demais.
- ❖ **Competencia matemática:**
- Habilidade de interpretar e expresar con claridade e precisión, informacións, datos e argumentacións.
- ❖ **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:**
- Habilidade para desenvolverse axeitadamente, con autonomía e iniciativa persoal en ámbitos da vida e do coñecemento.
- ❖ **Tratamento da información e competencia dixital:**
- Buscar, interpretar, seleccionar e organizar información procedente de diversos soportes, utilizando o tratamento dixital de textos e a busca guiada en Internet.
- ❖ **Competencia social e cidadá:**
- Compresión da realidade social en que se vive.
- ❖ **Competencia cultural e artística:**
- Apreciar e valorar as diversas manifestacións artísticas.
 - Desenvolver e valorar a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- ❖ **Aprender a aprender:**
- Desenvolver estratexias para aprender: organizar, buscar información, planificar, traballo cooperativo...
 - Ser consciente do que se sabe, de como se aprende e de como se progresa na aprendizaxe.
- ❖ **Autonomía e iniciativa persoal:**
- Toma de decisións a partir dos obxectivos que pretendemos conseguir.
 - Planificar o traballo en equipo verbalizando as propostas de cada membro.

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

O obxectivo desta actividade consiste en aprender a realizar unha biografía a través da educación documental. Ensinarlle aos nenos/as a delimitar as fontes de información necesarias, entrenalos na localización, recuperación e reelaboración da información para conseguir elaborar a biografía.

A temática da investigación foi a pintora e escritora local María Asunción Vázquez Vicente - Chuny Vázquez- (A Guarda, 1952).

C. BREVE DESCRICIÓN DO PRODESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

A nivel de todo o centro, o traballo focalizouse na faceta como pintora desta artista. Neste sentido, o primeiro ciclo tamén participou. A maiores, dende 1º e 2º de Primaria, aproveitando o apoio en lingua dentro do programa PROA, quixemos traballar o campo lingüístico. Para isto, partimos da información atopada en internet e das obras escritas facilitadas pola autora e depositadas na biblioteca. Despois desta información previa, preguntamos aos nenos que lles gustaría coñecer sobre a artista, e con isto elaboráronse as preguntas da entrevista, que logo lle realizaron os/as nenos/as á propia artista.

Sobre o obradoiro de poesía, aínda que a obra escrita non é moi adaptada para cativos, achegámonos a ela mediante diversos poemas curtos e versionando un deles.

D. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

➤ BIOGRAFÍA DE CHUNY VÁZQUEZ

1. Proponse na aula a actividade de facer a biografía da artista que se está traballando no centro, Chuny Vázquez.
2. **Que é unha biografía?**
 - ❖ Leronse na aula biografías de personaxes xa traballados: Rosalía de Castro, Ana María Fernández, Chuny Vázquez.
 - ❖ Sacamos conclusións sobre a información que contén a biografía (escríbese a vida dunha persoa). E practicamos coas plantillas elaboradas dende BiblioSinde. (VER ANEXO II).
 - ❖ Acudiron a BiblioSinde na procura de información sobre á artista nas seccións: 92. Biografías e 94. Historia de Galicia. A Guarda.
3. Tiñamos poucos datos sobre a vida de Chuny, queríamos saber máis cousas. Por parellas escribimos cinco preguntas sobre a vida de Chuny para **acadar máis información**. Seleccionáronse as preguntas, e como este personaxe nos era accesible, **fixémoslle unha entrevista** na súa casa (un neno/a facía a pregunta e o/a compañeiro/a recollía a información).





❖ As preguntas seleccionadas foron a seguintes:

ENTREVISTA A CHUNY VÁZQUEZ

- Onde naciches? Que día?
- Viviches sempre na Guarda?
- Estás casada? Con quen?
- En que colexio estudaches?
- En que traballas?
- Nos vimos moitas fotos dos teus cadros. Cantos cadros pintaches?
- Nos teus cadros pintas persoas, flores, paisaxes....Que é o que máis che gusta pintar?
- Cantos anos tiñas cando pintaches o primeiro cadro?
- Como aprendiches a pintar?
- Que cadro che gusta máis?
- Tes fillos? Gústalles pintar?
- Hai alguén na túa familia que lle guste pintar?
- Como chegaches a ser artista?
- De onde sacas tantas ideas par facer as túas obras?
- Cando empezaches a escribir?
- Cantas horas dedicas máis ou menos a pintar e escribir?
- Tes cadros na túa casa?
- Os teus poemas falan de amizade e de amor. A quen llas dedicas ?
- Como é que non te cansas de escribir e de pintar?
- Que che gusta máis pintar ou escribir?
- Fixeches algunha exposición? Onde?



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrodriguezsinde/node/380>

		
Traballo por grupos escribiron preguntas sobre a vida de Chunny Vázquez.	Seleccionamos as preguntas.	Preparamos por parellas as preguntas e outro/a escribía a resposta.


4. Xa tiñamos as respostas as nosas preguntas. De seguido agrupamos as respostas e **planificamos a información** marcando os pasos específicos do proceso de escritura:

- Onde e cando naceu?
- Onde estudou?
- Con quen casou? Ten fillos/as?
- Cando empezou a pintar ? Quen lle ensinou?.....

5. No EDI (esta ferramenta permítenos facer a biografía en varias sesión, gardándoa para o día seguinte). **Escribimos colectivamente a biografía recopilando a información** da entrevista e seguindo a planificación anterior.



6. O resultado foi unha interesante biografía con moitos datos que non atopábamos nos libros que consultamos, xa que non hai moito escrito sobre ela.





Esta biografía espúxose cos traballos realizados sobre a súa obra na exposición conxunta de tódolos centros de A Guarda no Centro Cultural da vila.

7. Como traballamos o tema dos avós proposto pola biblioteca do centro, elaboramos unha ficha para recoller información sobre os nosos avós para facer a súa biografía.

Nome completo:	
Data e lugar de nacemento:	
Características da túa personalidade:	
Características do teu físico	
Tipo de familia coa que vives e aspectos máis relevantes a resaltar dela.	
Feitos importantes da túa infancia.	
Se tiveste alguna enfermidade que te afectara na vida de xeito físico ou psicolóxico, nomeala.	
Escola/onde estudiaste e aspectos a resaltar	
Lugares que visitaste ou cousas que foran importantes para ti.	
Persoas que son ou foron moi importantes para ti.	
Metas ou soños que tes pensados e queiras cumprir.	

➤ OBRADOIRO DE POESÍA.

1. Lectura en voz alta na biblioteca dunha selección axeitada de poemas.
2. Coloquio sobre os poemas, primeiro de cada un –conforme se van lendo- e ao final de xeito global (temática predominante, estado xeral de ánimo que transmiten, intencionalidade, vocabulario,...)
3. Traballo sobre un poema que non se leu previamente: versionado do poema buscando palabras que encheran ocos deixados previamente e que deran sentido ao poema, dándolle cada nena e neno un xiro diferente.
4. Ilustración do poema resultante, moitos deles, escolleron libremente facer un caligrama.



5. Lectura do poema orixinal e as versión realizadas.
6. Coloquio sobre os poemas resultantes e sobre a actividade.

E. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.

- Para levar a cabo estas actividades contamos coa colaboración da autora froito do estudo que se amosou sempre disposta a colaborar en todo o que se lle pediu. Puidemos visitala no seu lugar de traballo para facerlle a entrevista e posteriormente ela visitou o centro.
- Asimesmo, tivemos a oportunidade de ter na biblioteca escolar exemplares da obra escrita de Chuny Vázquez, que o alumnado puido consultar. Chuny publicou os seguintes libros: Las Palabras se gastaron, (1983); Poéticos Mensajes, (1985); El Canto del Sentimiento, (1987); Estrella de Fuego, (1989); De un Tiempo ya Vivido, (1989); Madre quiero ser tu Hija, (1993); Reflexiones, Desde el Fondo del Alma, (1997); Canto a nuestro Dios (2003).

- Servémonos tamén de toda a información que hai sobre a autora en diferentes enderezos web e informativos locais.
<http://paxinasdaguarda.blogspot.com.es/2013/03/chuny-vazquez.html>.
- ❖ A biblioteca escolar utilizouse como lugar de recollida de información e como sitio para compartir as actividades realizadas.

F. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO.

- Dende a biblioteca escolar houbo colaboración dende o primeiro momento co 1º ciclo, xa que fomos o único ciclo que se achegou a artista Chuny Vázquez desde un punto de vista máis literario. O resto dos ciclos centráronse máis na súa faceta coma pintora.
- As familias amosaron interese polo que se fixo, nalgúns casos non coñecían a esta artista. Quenes a coñecían, incluso a nivel persoal, aportaron a súa información.
- Como se mencionou anteriormente, a autora implicouse con este proxecto dende o primeiro momento e o Concello facilitou un espazo municipal para a realizar a exposición.

G. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

- A entrevista e os poemas foron compartidos na biblioteca escolar. Tamén foron levados ao Centro Cultural de A Guarda, a unha exposición na que ademáis se recollían versións dos cadros da autora.
- Despois, toda a comunidade educativa e todo o público da vila puido asistir á exposición realizada no Centro Cultural de A Guarda, exposición que visitamos con todo o centro e que despois visitaron coas familias fóra do horario escolar.
- A prensa local fíxose eco desta exposición.
(<http://www.infominho.com/index.php/id/74/objeto/21846>)
- A entrevista á autora quedou recollida na revista Fala O Sinde promovida polo ENDL, publicada en formato impreso e dixital.
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrodriguezsinde/taxonomy/term/35>

H. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS.

A avaliación do proxecto será permanente ao longo de todo o proceso, introducíndose as modificacións que sexan pertinentes co fin de garantir o mellor funcionamento posible de todas as actividades.

Para a avaliación do funcionamento do proxecto teremos en conta os seguintes criterios:

- ❖ Espazo: adecuación, funcionalidade, necesidades.
- ❖ Material: instrumentos de recollida de datos, material impreso e de dixitalización.
- ❖ Actividades de dinamización para a adquisición das CCBB.
- ❖ Grao de implicación do centro e da CE.
- ❖ Producción de materiais.
- ❖ Traballo en equipo.

En canto aos procedementos, avaliaremos utilizando como instrumento principal a observación directa.

Como conclusión, dicir que a actividade cubriu todos os aspectos das competencias básicas mencionados no punto A e igualmente se acadaron obxectivos da área de lingua do currículo.

I. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

As compañeiras membros do equipo da biblioteca escolar –Bibliosinde-amosaron total disposición e colaboración con esta iniciativa do primeiro ciclo. Facilitaron espazos e tempos así como o material bibliográfico e tecnolóxico para que se puidera traballar parte do anteriormente exposto, ben cos grupos de 1º e 2º separados ou con todo o ciclo xunto.

Considérase a opción de adquirir a obra escrita desta artista e poñela en préstamo na zona da biblioteca de país e nais.